


POLÍTICA E OXECTIVOS DE CALIDADE

Curso 2020/2021



Facultade de Filoloxía e Tradución

Universidade de Vigo

POLÍTICA DE CALIDADE DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

A política de calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución concede especial importancia á satisfacción do estudiantado, profesorado e persoal de administración como integrantes fundamentais do centro. Nese sentido, a nova política de calidade diríxese principalmente a acadar o cumprimento das expectativas formativas das persoas tituladas e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais. Tamén busca satisfacer as demandas do profesorado no que respecta á xestión eficaz dos procedementos vinculados coa calidade. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así, establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- ✚ Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- ✚ Mediar eficazmente entre os grupos de interese do centro, especialmente entre estudiantado e profesorado, co fin de mellorar a docencia e de acadar a satisfacción por parte de ambos grupos.
- ✚ Alcanzar a consecución das metas de calidade establecidas anualmente polo centro e asociadas a indicadores académicos.
- ✚ Facilitar a xestión dos procedementos de calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do estudiantado.
- ✚ Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan o centro e as súas titulacións.
- ✚ Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- ✚ Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento que teña en conta a diversidade funcional para eliminar os obstáculos que impiden unha igualdade real ás persoas con necesidades especiais.
- ✚ Acadar un compromiso permanente de mellora continua, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade no centro.

OBXECTIVOS DE CALIDADE DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta Curso 2020-2021
AC- Xestión académica <i>PC04 Selección-admisión e matriculación de estudantes</i>	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.	<u>Evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico</u> Modo de cálculo: Rexistra a evolución do número de estudantes matriculados en cada curso académico ao longo dos últimos anos académicos nunha titulación T	Graos e mestrados: Manter ou incrementar o número de estudiantado matriculado respecto ao curso anterior
	Adaptar o perfil de ingreso do estudiantado ao perfil requirido.	<u>Ocupación da titulación</u> Modo de cálculo: % de estudantes de novo ingreso por preinscrición matriculados nun grao E en relación ao nº de prazas ofertadas no grao E % estudiantado de novo ingreso por preinscrición matriculado en primeiro curso do mestrado en relación ao nº de prazas ofertadas no mestrado.	Graos: 100%-105% Mestrados: 70%-80%
	Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas.	<u>Preferencia</u> Modo de cálculo: % de estudantes preinscritos como 1ª opción nun grao E en relación ao nº de prazas ofertadas no grao E	90-100% (para cada titulación de grao que se imparte no centro)
	Difundir a oferta formativa.	<u>Adecuación</u> Modo de cálculo: % de estudantes que se matriculan por 1ª vez nun grao E na súa 1ª opción de preinscrición sobre o nº total de estudantes que se matricula por 1ª vez no grao E	70-80% (para cada titulación de grao que se imparte no centro)
DO- Docencia <i>DO-202 Promoción das titulacións</i>			

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta Curso 2020-2021
		<p><u>Nota media de acceso do estudiantado ás titulacións</u></p> <p>Modo de cálculo: Nota media de acceso dos estudantes que solicitan o acceso (en primeira preferencia) a unha titulación T.</p>	7-8,5
<p>DO-Docencia DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza</p>	Mellorar a planificación e desenvolvemento da titulación	<p><u>Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da ensinanza</u></p> <p>Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems relacionados coa planificación e desenvolvemento do ensino, da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para os titulados (Universidade de Vigo)</p>	≥3,5 (sobre 5)
		<p><u>Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza</u></p> <p>Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems relacionados coa planificación e desenvolvemento do ensino, da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para o profesorado (Universidade de Vigo).</p>	≥3,5 (sobre 5)
		<p><u>Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento da ensinanza</u></p> <p>Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, dos ítems relacionados coa planificación e desenvolvemento do ensino, da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para o estudiantado (Universidade de Vigo)</p>	≥3 (sobre 5)
	Mellorar os resultados académicos das titulacións	<p><u>Duración media dos estudos</u></p> <p>Modo de cálculo: Mide o número medio de anos que tardan os estudantes dunha titulación T en graduarse.</p>	Graos: 4-5 anos. Mestrados: 1 -1,5 ano.

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta Curso 2020-2021
		<p><u>Taxa de rendemento</u></p> <p>Modo de cálculo: para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U (ACSUG -Programa Seguimento de Títulos Oficiais)</p>	<p>≥80% (para cada titulación que se imparte no centro)</p>
		<p><u>Taxa de abandono</u></p> <p>Modo de cálculo: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de entrada C, matriculados no título T, na Universidade U, no curso académico X, que non se matricularon no devandito título T nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes de tal cohorte de entrada C que accederon ao mencionado título T ou curso académico X (CURSA)</p>	<p>Graos: ≤20% Mestrados: ≤5%</p>
		<p><u>Taxa de eficiencia</u></p> <p>Modo de cálculo: relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos aos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente tiveron que matricularse (RD 861 modif. RD 1397)</p>	<p>≥90% (para cada titulación que se imparte no centro)</p>
		<p><u>Taxa de graduación</u></p> <p>Modo de cálculo: % de estudantes que finalizan o ensino no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada (RD 861 modif. RD 1397)</p>	<p>Graos: ≥50% Mestrados: ≥65%</p>
		<p><u>Taxa de éxito</u></p> <p>Modo de cálculo: Para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantes matriculados no título T na Universidade U e o número de créditos presentados a exame polo total de estudantes matriculados no título T na Universidade U nese mesmo curso X (Universidade de Vigo)</p>	<p>≥80% (para cada titulación que se imparte no centro)</p>

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta Curso 2020-2021
DO-Docencia DO1- Xestión dos programas formativos	Xestionar de forma efectiva os programas formativos	<u>Seguimento das titulacións</u> Modo de cálculo: % de titulacións oficiais con avaliación positiva do seu informe anual de seguimento, sexa realizada pola axencia de calidade competente (ACSUG) ou internamente (na Universidade de Vigo), en relación ao total de titulacións avaliadas en cada convocatoria	100%
		<u>Acreditación das titulacións</u> Modo de cálculo: % de titulacións oficiais que acadan a renovación da súa acreditación pola axencia de calidade competente (ACSUG) en relación ao total de titulacións avaliadas en cada convocatoria.	100%
PE-Xestión de persoal	Mellorar a cualificación do PDI e do PAS	<u>Cualificación do PDI</u> Modo de cálculo: Rexistra a porcentaxe de PDI con grao de Doutor no ano (N-1) sobre o total do persoal de PDI no ano (N-1)	Graos e mestrados: 70%-80%
		<u>Resultados de investigación de carácter académico</u> Modo de cálculo: relación entre o número de sexenios obtidos polo PDI doutor/a sobre o número de sexenios potenciais	≥60%
		<u>% de PAS en programas de formación</u> Modo de cálculo: % de PAS do centro que participa nalgún programa de formación durante o ano N. (Universidade de Vigo)	≥75%
MC- Xestión da Calidade e Mellora Continua	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese	<u>Grao de satisfacción das persoas tituladas</u> Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, de todos os ítems da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para as persoas tituladas. (Universidade de Vigo)	>3 (sobre 5) (para cada titulación que se imparte no centro)

Procesos/ Procedementos	Obxectivos	Indicadores (incluídos no panel de indicadores do SGIC)	Meta Curso 2020-2021
MC05- Satisfacción das usuarias e usuarios		<u>Grao de satisfacción das entidades empregadoras</u> Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, de todos os ítems da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para empregadores.(Universidade de Vigo)	>3 (sobre 5) (para cada titulación que se imparte no centro)
		<u>Grao de satisfacción do profesorado</u> Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, de todos os ítems da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para profesorado.(Universidade de Vigo)	3,5 (sobre 5) (para cada titulación que se imparte no centro)
		<u>Grao de satisfacción do estudantado</u> Modo de cálculo: resultado da valoración agregada, para unha titulación T e un centro C, de todos os ítems da enquisa de avaliación da satisfacción das titulacións oficiais para o estudantado(Universidade de Vigo)	3 (sobre 5) (para cada titulación que se imparte no centro)
DE- Dirección Estratéxica	Certificación da implantación do sistema de calidade do centro	<u>Certificación da implantación de sistemas de calidade</u>	Renovar a certificación do SGIC do centro no prazo establecido

Aprobado en Xunta de Facultade do 21/12/2020